



Teaching Guide				
Identifying Data			2022/23	
Subject (*)	Practicum I	Code	750G02134	
Study programme	Grao en Podoloxía			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Obligatory	12
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites	<p>Para acceder á materia de Practicum I é requisito que o alumnado teña superado 90 créditos das materias de 1º e 2º curso do Título de Grao en Podoloxía e haber cursado (superadas ou non, e con unha calificación diferente a non presentado) as materias chave establecidas no plan de estudos de 2019 (Anatomía Xeral, Anatomía Específica do Membro inferior, Podoloxía Xeral, Conceptos Xerais de Cirurxía, Patoloxía Xeral Aplicada en Podoloxía, Farmacoloxía, Biomecánica do Membro Inferior, Diagnóstico por Imaxe, Ortopodoloxía I, Ortopodoloxía II, Ortesioloxía Dixital e Calzadoterapia, Patoloxía Podolóxica I, Quiropodoloxía I e Quiropodoloxía II).</p> <p>Non se matricule desta materia Prácticum 1, mentras non supere estes prerequisites, posto que non poderá cursala materia.</p>			
Department	Ciencias da Saúde			
Coordinador	Rosende Bautista, Carolina	E-mail	carolina.rosende@udc.es	
Lecturers	Alonso Tajés, Francisco Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar Alvariño Rodríguez, Ana María Bernabeu Pena, Carolina Carballo Díaz, Juan Luis Férez Espiño, Cristina Freijomil Vázquez, Carla Lopez Lopez, Luis López Martínez, Noemia Zeltia Martínez Vázquez, María Monteagudo Sánchez, Benigno Pérez García, Sergio Romero Soto, Manuel Rosende Bautista, Carolina Santalla Borreiros, Fátima	E-mail	francisco.alonso.tajes@udc.es oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es ana.alvarino@udc.es carolina.bernabeu@udc.es juan.carballo1@udc.es cristina.fernandez2@udc.es carla.freijomil@udc.es luis.lopezl@udc.es zeltia.lopezm@udc.es maria.martinez.vazquez@udc.es benigno.monteagudo.sanchez@udc.es sergio.perez.garcia@udc.es manuel.romero.soto@udc.es carolina.rosende@udc.es f.santalla@udc.es	
Web	https://campusvirtual.udc.gal/login/index.php			



General description	<p>O Prácticum consiste en prácticas clínicas que se desenvolverán, principalmente, na Clínica Universitaria de Podoloxía da Universidade da Coruña co fin de desenvolver as competencias que permitan ao alumnado incorporar á súa formación as competencias fundamentais e os valores profesionais para o exercicio da profesión podolóxica. Estas prácticas clínicas inclúen a participación do alumnado no proceso de atención podolóxica integral con pacientes reais, sempre baixo a supervisión dun profesional que guiará ao alumnado no proceso da aprendizaxe clínica. Tamén se desenvolverán outras actividades en forma de seminario ou sesións clínicas nas que se abordarán contidos e competencias relacionadas coa práctica clínica como o estudo e discusión de casos clínicos, interpretación de probas complementarias ou realización de informes.</p> <p>Os contidos que se desenvolverán no Prácticum I son: Método clínico en podoloxía. Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. Técnicas de exploración física. Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. Probas complementarias e a racionalización do seu uso. Diagnóstico e prognóstico. Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. Protocolos: execución e avaliación. Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica. Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. Calidade asistencial na práctica da podoloxía. Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas</p>
----------------------------	---

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A131	CE67 - Aplicar nas Clínicas Podolóxicas Universitarias e centros acreditados os coñecementos adquiridos nos módulos previos durante a realización de prácticas preprofesionais que permitan ao alumno incorporar os valores profesionais e competencias dirixidas a: Protocolizar e aplicar o método clínico en podoloxía Realizar a historia clínica e rexistrar a información obtida Aplicar as técnicas de exploración física, interpretar os resultados e integralos no proceso de diagnóstico Realizar as técnicas radiolóxicas propias da podoloxía no ámbito clínico Interpretar os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso. Emitir un diagnóstico e prognóstico Desenvolver a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos. Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos no ámbito clínico. Deseñar o plan de tratamento integral ou tratamento podolóxico e avaliar os resultados obtidos no ámbito clínico. Deseñar plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular Aplicar as medidas de resucitación e reanimación en podoloxía
A132	CE68 - Integrar os coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes adquiridos durante o itinerario curricular do alumno
A133	CE69 - Desenvolver as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais
A134	CE70 - Adquirir a capacidade de establecer intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na atención sanitaria , prevención, promoción e protección da saúde, mediante a elaboración e interpretación de informes clínicos e plans de prevención e promoción de saúde podolóxica
A135	CE71 - Adquirir a capacidade de prescribir, administrar e aplicar tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos no ámbito clínico integrado no plan de atención podolóxica
A136	CE72 - Adquirir capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía
A137	CE73 - Garantir a calidade asistencial na práctica da podoloxía mantendo actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes na práctica profesional
B23	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo



B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B26	CB4 -Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B27	CB5 -Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B28	CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría
B29	CG02 - Coñecer a estrutura e función do corpo humano en especial da extremidade inferior, semioloxía, mecanismos, causas e manifestacións xerais da enfermidade e métodos de diagnóstico dos procesos patolóxicos médicos e cirúrxicos, interrelacionando a patoloxía xeral coa patoloxía do pé.
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B31	CG04 -Adquirir unha experiencia clínica adecuada en cada un dos contidos podolóxicos, levados a cabo en Centros acreditados para a formación universitaria de Podoloxía, fomentando a interrelación e comunicación eficaz con pacientes, familiares, e membros do equipo multidisciplinar
B32	CG05 - Colaborar cos profesionais sanitarios especificamente formados na materia, na adaptación e uso de prótese e axudas técnicas necesarias, segundo as condicións físicas, psicolóxicas e sociais dos doentes
B33	CG06 - Adquirir a capacidade para realizar unha xestión clínica centrada no paciente, na economía da saúde e o uso eficiente dos recursos sanitarios, así como a xestión eficaz da documentación clínica, con especial atención á súa confidencialidade
B34	CG07 - Coñecer, deseñar e aplicar programas preventivos relacionados coa podoloxía e o fomento da atención podolóxica na poboación
B35	CG08 - Adquirir habilidades de traballo nas contornas educativo e investigador, asistencial-sanitario, así como en equipos uniprofesionais e multiprofesionais. Asesorar na elaboración e execución de políticas de atención e educación sobre temas relacionados coa prevención e asistencia podolóxica
B36	CG09 -Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía
B37	CG10 - Identificar que o exercicio da profesión está asentado no respecto á autonomía do paciente, ás súas crenzas, cultura, determinantes xenéticos, demográficos e socioeconómicos, aplicando os principios de xustiza social e comprendendo as implicacións éticas nun contexto mundial en transformación
B38	CG11 -Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica, actuando sempre en base ao cumprimento das obrigacións deontolóxicas, da lexislación vixente e dos criterios de normopraxis, integrando os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións
B39	CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares
C9	CT01 - - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C11	CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C12	CT04 -Desenvolver o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero
C13	CT05 -- Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C14	CT06 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
C15	CT07 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social
C16	CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C17	CT09 -Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences
-------------------	-----------------------------



O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados, para o desenvolvemento da profesión podolóxica.	A131 A132	B24 B27 B28	C11 C12 C13 C14
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía, desenvolvendo a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos	A131	B33 B34	C17
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida; coñece e manexa os sistemas de rexistro de datos clínicos utilizados no proceso de atención podolóxico para o diagnóstico, tratamento e seguimento dos pacientes	A131 A136		C11
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.	A131 A133	B38 B39	C15
Desenvolve as técnicas de exploración física adaptada ao motivo de consulta e ao diagnóstico de sospeita	A131 A137	B29 B30 B37	C9
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso	A132	B23 B25 B36	C16
Emite un diagnóstico e prognóstico, mediante a análise dos resultados de todas as probas realizadas ao paciente (anamnesis, probas físicas e complementarias).	A134 A137	B35	C16 C17
Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico para unha intervención terapéutica eficaz das afeccións dos pacientes, valorando todas as posibles opcións dos diferentes campos terapéuticos podolóxicos.	A131 A137		C11 C15
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos, aprendendo a manexar o instrumental quiropodolóxico, así como os materiais terapéuticos ortoprotésicos e a maquinaria empregados para a fabricación e aplicación de tratamentos ortoprotésicos podolóxicos, e os equipos terapéuticos para a aplicación da terapia física.	A131 A133	B26	C9
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia propia, mantendo actualizados os coñecementos e técnicas para a súa aplicación	A131 A133 A135	B31 B32 B34	C11 C16
Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde	A131 A135 A137	B28 B30	C17
Elabora e interpreta informes clínicos como parte do rexistro documental da clínica para o intercambio de información tanto co paciente como con outros profesionais	A131	B39	C17
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía, avaliando os resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica	A133 A134	B26	C9 C11
O alumno/para é capaz de seleccionar información, analizala e avaliála para redactar, expoñer e defender un informe científico, fomentando a lectura crítica de artigos científicos e a asistencia a sesións clínicas, cursos, xornadas e congresos co fin de manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.	A133 A134 A137	B26	C9 C11

Contents	
Topic	Sub-topic



<p>Método clínico en podoloxía. Historia clínica podolóxica: rexistro da información obtida. Técnicas de exploración física. Actividades radiolóxicas propias da podoloxía. Probas complementarias e a racionalización do seu uso. Diagnóstico e prognóstico. Plan de intervención integral ou tratamento podolóxico. Plans de intervención específicos para o tratamento do pé de risco: diabético, neurolóxico e vascular. Protocolos: execución e avaliación. Uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos. Medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia. Habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde. Prescrición, administración e aplicación tratamentos farmacolóxicos, ortopodolóxicos, físicos e cirúrxicos. Elaboración e interpretación de informes clínicos. Avaliación dos resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica. Capacidade na xestión clínica dos servizos de podoloxía. Actualización dos coñecementos, habilidades e actitudes. Calidade asistencial na práctica da podoloxía. Utilización elementos de documentación, estatística, informática e os métodos xerais de análises epidemiolóxicas</p>	<p>O Prácticum I consiste na aplicación dos coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nas diferentes materias do título á práctica clínica, garantindo un proceso integral de atención podolóxica ao paciente que inclúa todos os aspectos clínicos, documentais e legais.</p> <p>Todos os contidos teóricos e teórico-prácticos da titulación impartidos ata o segundo cuatrimestre do 3er curso de grao son relevantes para a práctica clínica e de obrigado coñecemento, feito que debe ser tido en conta polo alumnado que cursa a materia de Prácticum I, a efectos de que o seu coñecemento e actualización serán elementais para poder desenvolver as prácticas clínicas e garantir a adquisición das competencias, formando parte da avaliación da práctica clínica.</p>
--	---

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Clinical practice placement	A131 A132 A133 A134 A135 A136 A137 B23 B24 B25 B26 B27 B28 B29 B30 B31 B32 B33 B34 B35 B36 B37 B38 B39 C9 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	240	0	240
Student portfolio	A132 A133 B24 B26 B34 B35 C11 C15 C16	0	58	58
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



<p>Clinical practice placement</p>	<p>As prácticas clínicas consisten na participación gradual e supervisada do alumnado no proceso de atención podolóxica integral cos pacientes que sexan atendidos polos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía e nos servizos hospitalarios de Dermatoloxía. O alumno/a participará de forma activa, sempre baixo supervisión, en todo o proceso de atención clínica: a xestión de datos clínicos; a exploración física e a xestión de probas complementarias e interpretación das mesmas; o diagnóstico, a prescrición, indicación, obtención e/ou aplicación dos diferentes tratamentos, así como o seguimento das afeccións tratadas e a súa evolución. Atendendo á participación gradual do alumno/a en a práctica, estableceranse actividades relacionadas coas competencias a adquirir nas que quedará delimitado se o alumno/a deberá saber facer con competencia, saber facer baixo supervisión e instrución, ou soamente coñecer o procedemento mediante a observación da súa realización por parte do profesor/a.</p> <p>Ao comezo do Prácticum I o alumno/a disporá a través Campus virtual da UDC dun documento baixo o nome de ?ANEXO Á GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICUM I?, no que atopará información específica e detallada sobre os obxectivos, contidos e competencias a adquirir durante as prácticas clínicas e o seu grao de adquisición, a composición dos grupos, os titores/as asignados a cada grupo, e o cronograma cos rotatorios de prácticas dos diferentes servizos así como o calendario das probas prácticas de cada rotatorio.</p>
<p>Student portfolio</p>	<p>Esta parte do Prácticum I consistirá no desenvolvemento de competencias relacionadas coa xestión documental clínica (elaboración da historia clínica, interpretación de probas complementarias, elaboración de informes, etc.) para o desenvolvemento de competencias como emitir un diagnóstico e un pronóstico, interpretar os resultados das probas complementarias ou manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes, mediante a lectura crítica e a discusión de publicacións científicas. Poderán desenvolverse competencias relacionadas coa comunicación e a transferencia de información de contidos podolóxicos a terceiros, especialmente a pacientes o a poboación en xeral</p> <p>Ao comezo do Prácticum I o alumno/a disporá a través do Campus virtual da UDC dun documento baixo o nome de ?ANEXO Á GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICUM I? no que quedará recollida a proposta de das actividades para o curso 2022/2023.</p> <p>Todas as actividades proporanse na plataforma Moodle e estarán dispoñibles ao comezo do cuadrimestre no que se cursa o Prácticum I. Especificarase para cada actividade o obxectivo/s, proporcionando información do formato ou modelo a seguir, os apartados a cubrir, de ser o caso, a extensión mínima/máxima da actividade (de ser oportuno) ou a documentación ou referencias necesarias para realizar a actividade. Establecerase unha data límite común para a entrega de todas as actividades.</p> <p>Estas actividades están programadas para ser realizadas principalmente no horario non presencial contemplado na planificación da materia.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
<p>Student portfolio</p>	<p>A atención personalizada para titorías individuais ou o seguimento das actividades do portafolio desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor/a co que se requira realizar a titoría.</p> <p>Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas titorías", ou de forma virtual, sendo atendidas as titorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes de Moodle, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia (Teams).</p>

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
---------------	--------------	-------------	---------------



Clinical practice placement	A131 A132 A133 A134 A135 A136 A137 B23 B24 B25 B26 B27 B28 B29 B30 B31 B32 B33 B34 B35 B36 B37 B38 B39 C9 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17	<p>A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para todo o alumnado independentemente da súa modalidade de matrícula.</p> <p>Poderase optar a superar o Prácticum I con ausencias xustificadas baixo os seguintes supostos:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Un máximo de 5 ausencias xustificadas sen penalización na cualificación2. Desde a 6ª á 10ª ausencia xustificada poderá ser penalizada con 0.25 puntos por ausencia na cualificación da avaliación continua do rotatorio no que se produza a ausencia <p>A partir de 8 faltas xustificadas (incluída a 8ª) ou de calquera número de faltas sen xustificar, non se poderá optar a superar o Prácticum na matrícula do curso corrente.</p> <p>A motivación xustificada das faltas será a contemplada para os procesos de avaliación no artigo 12 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario, aprobada polo Consello de Goberno da UDC.</p> <p>Calquera suposto que se presente no límite da presente norma poderá ser revisado polo conxunto de profesorado do Prácticum para o curso en vigor, debendo adoptar unha resolución por unanimidade e a condición de que o alumno/a demostrase a adquisición das competencias superando os requisitos de avaliación previstos para o Prácticum I.</p> <p>A avaliación das prácticas clínicas consiste na avaliación das competencias a adquirir polo alumno/a en o Prácticum I tendo en conta o carácter gradual de adquisición das mesmas segundo quedará recollido no ANEXO Á GUÍA DOCENTE DO PRÁCTICUM I.</p> <p>A cualificación das prácticas clínicas obtense do sumatorio das cualificacións parciais nos diferentes rotatorios en avaliación continua e dos exames prácticos ao final de cada rotatorio en función da seguinte distribución porcentual:</p> <ul style="list-style-type: none">? Rotatorio do Servizo de Quiropodoloxía e Cirurxía: 35% da cualificación final repartida ao 50% entre a avaliación continua e o exame práctico final? Rotatorio do Servizo de Biomecánica e Ortopodoloxía: 35% da cualificación final repartida ao 50% entre a avaliación continua e o exame práctico final? Rotatorio do Servizo de Dermatoloxía: 10% da cualificación final repartida no 75% da avaliación continua e un 25% para a resolución de caso clínico <p>Para superar a materia é requisito indispensable superar o 50% da cualificación da avaliación continua de cada un dos rotatorios e o 50% da cualificación de cada un dos exames prácticos.</p> <p>Na 2ª oportunidade só poderán optar a superar a materia aqueles alumnos/as que superando a avaliación continua non superasen o exame práctico, ou cando o sumatorio total das cualificacións non supere a nota mínima para superar o Prácticum I (5) debido á cualificación do Portafolio do alumno/a. Para ambos os supostos no calendario académico quedará fixada unha data para as novas probas de exame práctico e/ou nova entrega de actividades de portafolio.</p>
-----------------------------	---	---



As cualificacións parciais de todos os ítems que conforman a avaliación do Prácticum I puntuaranse na escala 0-10 para posteriormente obter o seu peso porcentual correspondente na cualificación final.

80



Student portfolio	A132 A133 B24 B26 B34 B35 C11 C15 C16	<p>As actividades do Portafolio forman parte da cualificación final da materia de maneira sumativa á cualificación das prácticas clínicas. A súa realización é obrigatoria pero non existe unha puntuación mínima que condicione a superación do Prácticum I, establecéndose como requisito mínimo para superar a materia presentar o total das actividades propostas no tempo e a forma previstas para iso.</p> <p>As actividades serán supervisadas e avaliadas polo titor/a responsable da metodoloxía e/ou polo que quede asignado a cada grupo, sendo cada titor/a responsable da cualificación e revisión de ista.</p>	20
-------------------	---	--	----

Assessment comments



Matrícula a tempo parcial / Dispensa académica: o alumnado en matrícula a tempo parcial tena a obriga de cursar as prácticas clínicas no mesmo réxime que o alumnado en matrícula ordinaria xa que non é posible a organización de diferentes quendas de rotación. Non existe dispensa académica e ningunha metodoloxía do Prácticum I.

Matrícula de Honra: A cualificación de Matrícula de honra (MH) será outorgada automaticamente a aqueles alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación final. No caso de que exista maior número de alumnos/as que matrículas de honra poidan ser asignadas á materia, convocarase aos alumnos/as en disposición de obter devandita cualificación e realizarase unha proba específica de características similares ás dos exames prácticos para determinar a súa asignación final. Nos casos nos que a cualificación final sexa superior a 9.0 poderase outorgar a cualificación de MH. Para iso o conxunto do profesorado con docencia no Prácticum I valorará a posibilidade de outorgar dita MH tendo en conta as aptitudes e actitudes do alumno/a a condición de que o sea otorgación non supoña superar a cota de MH establecida pola normativa vixente unha vez outorgadas as MH os alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación final.

Repetición de Prácticum I: Non superar o requisito mínimo establecido para a cualificación da avaliación continua dalgún dos rotatorios, non superar algún dos exames prácticos entre as 2 oportunidades, ou non alcanzar a cualificación final mínima de 5 no sumatorio de todas as metodoloxías que computan na avaliación descritas para o Prácticum I entre as dúas oportunidades da convocatoria, suporá a non superación da materia e a repetición íntegra das prácticas en segunda matrícula e posteriores.

Non presentado: A ausencia a máis do 25% das prácticas ou a algún dos exames prácticos suporá automaticamente unha cualificación de Non Presentado

A asistencia ao seminario de urxencias e administración de medicamentos será opcional para os/as estudantes que se atopen en posesión do título de graduado/a en Enfermaría ou Graduado/a en Medicina e se atopen exercendo a profesión na actualidade. Estes estudantes deberán comunicar e xustificar a situación a coordinadora da materia e á profesora responsable do seminario, así poderán convalidar o seminario e obterán a máxima calificación nesa parte da materia

Alumnado de mobilidade (Erasmus , SICUE, Bilateral): A cualificación do alumnado de mobilidade realizarase só pola avaliación continua nos rotatorios, agás a solicitude expresa de ser avaliado na proba individual. No caso de suspenso na avaliación continua, poderán superar a materia superando as probas prácticas do rotatorio suspenso.

Mentores ERASMUS e Bilateral: Ao comezo da materia proporase a todo o alumnado a posibilidade de, voluntariamente, participar como mentores/as do alumnado. De se presentar máis voluntarios/as dos necesarios, farase una selección pola nota do expediente académico, tendo en conta, de ser o caso, a certificación oficial de coñecemento do idioma do alumnado de mobilidade (segundo o nivel del coñecemento do idioma engadirase a nota do expediente de 0,5 a 3 puntos). A participación como mentor sumará ata 0,5 puntos á cualificación final da materia do alumnado mentor.

PLAXIO. Na realización dos traballos da materia, o plaxio, e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. Aplicarase a mesma penalización para os casos de falsificación de documentos, entre eles, os xustificantes de ausencia.

RECUPERACIÓN DE HORAS DE PRÁCTICUM I POR AUSENCIA JUSTIFICADA.

Todo o alumnado matriculado na materia de Prácticum I poderá optar á recuperación de horas en período non lectivo cando se dean as seguintes circunstancias:

- a. O número de horas das faltas de asistencia acumuladas superen o número de horas de ausencia xustificadas non penalizadas prevista na guía docente (5 xornadas de prácticas ou o seu equivalente en horas: 25 horas). As horas de ausencia contabilizaranse tanto de días completos de ausencia (5 horas por día) como de ausencias parciais durante un día de prácticas (computo da diferenza de tempo entre a hora de entrada e a de saída).
- b. A causa da superación do límite de horas de ausencias xustificadas prevista na guía docente atópese incluída nalgún dos seguintes supostos de ausencia:
 - i. Alumno/a de intercambio en los programas ERASMUS / SICUE
 - ii. Alumno/a con consideración de deportista de élite /alto nivel (con certificación acreditada)
 - iii. Ausencias por enfermidade que impida a asistencia ás prácticas clínicas, acudir a tratamentos, etc. En calquera destes supostos, requirirase informe médico.
 - iv. Ausencias xustificadas contempladas na normativa académica da UDC como asistencia a reunións de órganos colexiados da UDC como representantes dos estudantes; cumprimento dun deber inescusable; etc.
 - v. Ausencias que non se axusten aos apartados anteriores (como asistencia a cursos, xornadas ou congresos de formación de interese podolóxico). e que, tras ser avaliadas polo coordinador/a de a materia, poidan obter un informe favorable unha vez consultado o claustro de profesorado con

docencia no Prácticum I.

vi. Ausencias por confinamiento / cuarentena por COVID19 sempre que se den ás circunstancias recollidas no apartado a.

Durante o curso vixente, as datas de recuperación de prácticas do período non lectivo estableceranse de maneira consensuada co alumnado, atendendo á dispoñibilidade dos horarios do profesorado e da Clínica Universitaria de Podoloxía.

De existir situacións de ausencia que non estean incluídas nos supostos recollidas no apartado b) e/ou que sexan motivo de controversia por non recibir un informe favorable para o seu cómputo como ausencias xustificadas, serán trasladadas, baixo petición do interesado/a, á Comisión de Docencia da Facultade de Enfermería e Podoloxía para a súa resolución.



Sources of information

<p>Basic</p>	<p>Tendo en conta que todos os contidos teórico-prácticos da titulación (cursados ata o Prácticum I) son relevantes para a práctica clínica, tanto os contidos das materias como as fontes de información básicas e recomendadas por cada unha das materias cursadas conforman as fontes de información para consulta durante a realización das prácticas clínicas comprendidas no Prácticum. Existen determinadas fontes documentais de gran utilidade para a súa consulta durante a práctica clínica do día a día e que concretará o profesorado que supervise as prácticas clínicas dos diferentes servizos da Clínica Universitaria de Podoloxía. Desde a coordinación do Prácticum I propónse as seguintes fontes documentais de consulta para o uso cotián: Backup K. Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular. 3ª ed. Barcelona: Elsevier; 2007. Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. coordinadores. Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 7ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2019. Dockery GL. Cutaneous Disorders of the lower extremity. 1ª ed. Philadelphia: Saunders; 1997. Muñoz Calvo B et al, comité editorial. Cliniguía, actualización de diagnóstico y terapéutica. 4ª ed. España: Eviescience; 2009. Olazabal JC et al. AVERROES manual de tesarpia en atención primaria. 1ª ed. España: EviScience; 2013. Straus SE, Scoot Richardson W, Glasziou P, Haynes RB. Medicina Basada en la Evidencia. 3ª ed. Madrid: Elsevier; 2006. Tixa S. Atlas de anatomía palpatoria: tomo 2 miembro inferior. 4ª ed. Barcelona: Masson; 2014. Villa LF. Coordinación. Medimecum, guía de terapia farmacológica. 26ª ed. España: Luis F Villa Alcazar; 2021. Turner WA, Merriman LM (2007) Habilidades Clínicas para el tratamiento del pie. Madrid: Elsevier</p>
<p>Complementary</p>	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Digital Orthopedics and Footwear Therapy [to extinguish] /750G02020
 Podiatric Pathology 1 [extinct]/750G02021
 Anatomy General/750G02103
 Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02104
 Podiatric Pathology I/750G02119
 Podiatric Orthopedics II/750G02116
 Digital Orthopedics and Footwear Therapy/750G02117
 Biomechanics of the Lower Limb/750G02111
 Chiropody 1/750G02125
 Chiropody 2/750G02126
 General Pathology Applied in Podiatry/750G02102
 Pharmacology/750G02109
 General Podiatry/750G02110
 General Concepts of Surgery/750G02127
 Podiatric Orthopedics I/750G02115
 Diagnostic Imaging/750G02112

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Podiatric Surgery 2/750G02129
 Pharmacological Therapy/750G02122
 Physical Podiatry/750G02121

Subjects that continue the syllabus

Practicum II/750G02135
 Practicum III/750G02136

Other comments



PRERREQUISITOS PARA CURSAR PRÁCTICUM I Para acceder á materia de Practicum I é requisito que o alumnado teña superado 90 créditos das materias de 1º e 2º curso do Título de Grao en Podoloxía e haber cursado (superadas ou non, e con unha calificación diferente a non presentado) as materias chave establecidas no plan de estudos de 2019:· Anatomía humana general· Anatomía específica del miembro inferior· Patología General aplicada en Podología· Farmacología· Podología General· Biomecánica del miembro inferior· Diagnóstico por Imagen· Ortopodología 1· Ortopodología 2· Ortesiología digital y calzadoterapia· Patología Podológica 1· Conceptos generales de Cirugía· Quiropodología I· Quiropodología II

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.